

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2026**

Ás 10.00 horas do día 30 de abril de 2026, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** Don Luís Menor Pérez

**Deputados/as do Grupo Popular:**

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Eva María Pérez Gamote

Dona Sherezade Núñez Rodríguez

Dona Susana Rodríguez Rodríguez

**Deputados/as do Grupo do BNG:**

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

**Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:**

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Don Antonio Fernández Martín

Don Francisco Lorenzo López

**Deputados Non Adscritos**

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval

**Secretario:** don Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Antonio Fernández Martín, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto once da orde do día e non regresou.

A deputada do Grupo Popular, dona María del Carmen González Quintela, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto quince da sesión e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE MARZO DE 2026 (EXP. Nº 2026/4R/PLENO).-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de marzo de 2026.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 27 de marzo de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- CREACIÓN E ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE A UNHA AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL (AECT) DENOMINADA "RAIA SECA Y GERÊS-XURÉS" (EXP. Nº 2025/3149Q).**

**D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular,** expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.** Aprobar o novo Convenio de Cooperación Territorial Europea entre a Comunidade Intermunicipal de Alto Minho (Portugal), a Comunidade Intermunicipal de Cavado (Portugal),

a Comunidade Intermunicipal de Alto Tâmega e Barroso (Portugal) e a Deputación Provincial de Ourense (Galicia/España), con vistas á constituír a Agrupación Europea de Cooperación Territorial de Raia Seca e Gerês-Xurés - AECT Raia Seca y Gerês-Xurés.

2º. Aprobar a nova proposta de Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial - AECT Raia Seca y Gerês-Xurés - entre a Comunidade Intermunicipal de Alto Minho (Portugal), a Comunidade Intermunicipal de Cávado (Portugal), a Comunidad Intermunicipal de Alto Tâmega e Barroso (Portugal) e a Deputación Provincial de Ourense (España).

3º. Adoptar o compromiso de incluír no Orzamento provincial o crédito necesario para facer fronte ás obrigas derivadas do réxime de financiamento previsto no artigo 7 da proposta de Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial - AECT Raia Seca y Gerês-Xurés.

4º. Remitir certificación do presente acordo xunto coa xustificación de personalidade xurídica desta entidade local ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, aos efectos da tramitación prevista no Real Decreto 23/2015, de 23 de xaneiro, polo que se adoptan as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), modificado polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 17 de decembro de 2013.

**3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DA TAXA PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA AOS NÚCLEOS DE SOBRADELO E A MEDUA DO CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS (EXP. N° 2026/4645N).**

**D.ª María del Carmen González Quintela, do Grupo Popular**, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo: Aceptar a delegación de competencias efectuada polo concello de Carballeda de Valdeorras a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 26 de febreiro de 2026, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos:

- Taxa polo abastecemento de auga domiciliaria (e demais conceptos incluídos no ciclo da auga conservación de contadores, sumidoiros, saneamento..)
- Canon da Auga (salvo as facultades de recadación executiva e revisión dos actos ditados nesa vía),

nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello de Carballeda de Valdeorras, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de prema que pagara o debedor, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

**4º.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, AUTORIZACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO E MODIFICACIÓN DA BASE 5 DO ORZAMENTO DO INORDE (EXP. Nº 2026/6384A).**

**D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular,** expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourenzana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos (suplemento de crédito) que figura no expediente n.º 2026/6235S do INORDE, co seguinte detalle:

<b>PARTIDA</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
42211/207.00	Prestación Servizos Inorde	40.000,00 €
42211/212.00	Reparación de edificios e outras construcións	20.000,00 €
42211/222.00	Servizos Telecomunicacións	8.000,00 €
42211/226.16	Actividades de Turismo	62.500,00€
42211/226.28	Centro Colaborativo en Cantuña	4.000,00 €
42211/227.10	Gastos diversos Feiras e Exposicións	30.000,00 €
42211/462.01	Subvencións nominativas a Concellos	38.000,00 €
42211/622.00	Investimentos en Inmobles	260.000,00 €
<b>SUMA SUPLEMENTO DE CREDITO</b>		<b>462.500,00 €</b>

**RECURSOS UTILIZADOS**

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>462.500,00 €</b>
--	---------------------

2º. Aprobar inicialmente a modificación da base 5ª do orzamento do INORDE para o exercicio 2026 conforme coa proposta formulada pola Presidencia co seguinte contido:

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe €</b>
Concello de Parada do Sil.	Desenvolvemento do PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN PARADA DO SIL 2026.	7.000,00 €

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Concello de Castro Caldelas	FEIRA-CONCURSO COMARCAL DE GANDO VACÚN DE RAZAS AUTÓCTONAS. ANO 2026	8.000,00 €
Concello de A Veiga	Evento CRIANZA TREVINCA V EXPOSICIÓN AGROGANDEIRA DE TREVINCA. Ano 2026.	15.000,00 €
Concello Viana do Bolo	Festival Internacional VIBO MASK Mascarada Ibérica. Edición 2026	4.000,00 €
Concello Vilariño de Conso	Festival Internacional VIBO MASK Mascarada Ibérica. Edición 2026	4.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>38.000,00 €</b>

**3º.-** De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO REGULADOR DO SISTEMA DE CARREIRA ADMINISTRATIVA HORIZONTAL PARA OS/AS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS DO INORDE (EXP. Nº 2026/6381T).**

**D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular**, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º. Aprobar inicialmente** o Regulamento regulador do sistema de carreira administrativa horizontal no Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde), co seguinte contido:

*Exposición de motivos*

*A aprobación no 2007 do Estatuto básico do empregado público (EBEP) supuxo a introdución dunha importantísima novidade para o desenvolvemento profesional do persoal das administracións públicas: o sistema de carreira profesional horizontal.*

*A carreira profesional supón o dereito do persoal empregado do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde), organismo autónomo local de natureza*

*administrativa, con personalidade xurídica, autonomía de xestión, tesoureira e patrimonio propios, creado, ao amparo da lexislación de réxime local, pola Deputación de Ourense, da que depende e a cuxa Presidencia está adscrito, que forma parte do sector público institucional provincial, organismo autónomo dos referidos no artigo 2.2.a) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRJSP), que ten a consideración de administración pública nos termos establecidos no artigo 2.3 da citada LRJSP, a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento profesional, no que ten que ver con coñecementos, formación, experiencia, participación e iniciativas concretas de traballo que supoñan implicación e compromiso co Inorde e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para a correspondente profesión. O deseño dun sistema de carreira profesional aumentará a motivación e a satisfacción profesional dos traballadores, redundando nunha maior eficacia do Inorde no desenvolvemento das competencias que ten asignadas.*

*En relación ao marco normativo temos que facer referencia en primeiro lugar á lexislación básica da materia, recollida fundamentalmente no capítulo II do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP) relativo ao dereito á carreira profesional e á promoción interna. No artigo 16 do TREBEP ven recollido o que é o concepto, principios e modalidades da carreira profesional dos funcionarios da carreira e xa no artigo 17 contemplase o que é a carreira horizontal dos funcionarios de carreira sinalando que as leis de función pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto básico poderán regular a carreira horizontal dos funcionarios de carreira. Polo que se refire á carreira profesional do persoal laboral ven recollido no artigo 19 do TREBEP remitindo aos procedementos previstos no Estatuto dos traballadores ou nos convenios colectivos. Polo tanto, o TREBEP é norma básica e deixa ás leis de función pública das comunidades autónomas, a regulación e o desenvolvemento do seu propio esquema de carreira, estando regulada en Galicia a través da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG) no seu capítulo II do título VI. En concreto, o artigo 77 regula a carreira horizontal para o persoal funcionario de carreira, supeditando a súa aplicación ao seu desenvolvemento regulamentario. En ausencia dese regulamento, a disposición transitoria oitava, no seu apartado 4, da LEPG establece a posibilidade de desenvolver un sistema transitorio de recoñecemento da progresión da carreira administrativa, complementario ao grao persoal e configurado como unha retribución adicional ao complemento de destino. Na Xunta de Galicia diferénciase o que é o complemento de carreira para persoal funcionario e o complemento de desempeño para o*

*persoal laboral en base precisamente a esa disposición transitoria, sistema que non é aplicable á Deputación Provincial de Ourense, segundo se establece no seu Regulamento regulador do sistema de carreira administrativa horizontal, cuxa aprobación definitiva resolveu o Presidente Deputación Provincial de Ourense en data 23 de setembro de 2025 e foi publicada no BOP de Ourense número 184, de 25 de setembro de 2025, e, seguindo ese criterio, non será aplicable ao Inorde, organismo autónomo dependente da mesma, xa que tanto funcionarios como laborais teñen a mesma estrutura retributiva, aplicando para ambos supostos o complemento de carreira. O que si será aplicable no Inorde, en paralelo co establecido para a Deputación Provincial de Ourense no seu Regulamento, é o réxime transitorio establecido na Xunta de Galicia, especialmente para o recoñecemento do grao I e o grao II para todo o persoal público provincial.*

*Tamén, no caso do Inorde, a de acudirse ao Acordo regulador e ao Convenio colectivo da Deputación, que lle resulta de aplicación, onde no seu artigo 14 de ambos documentos recóllese que os empregados públicos teñen dereito á promoción profesional e á carreira profesional, entendidos como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade. No seu apartado segundo do artigo 14 establécese que de conformidade co previsto no capítulo II do título III do Estatuto básico do empregado público así como na lexislación autonómica correspondente, estableceranse os mecanismos de carreira e promoción interna para os empregados públicos provinciais.*

*En consecuencia, a normativa establece un mandato claro para as administracións públicas, manifestando que estas promoverán a actualización e perfeccionamento da cualificación profesional dos seus traballadores.*

*O Goberno da Deputación Provincial de Ourense, consciente destas esixencias normativas, estableceu a través do documento “Informe da Presidencia sobre as grandes liñas estratéxicas da política de recursos humanos para o mandato 2023-2027” o que son os principais obxectivos da política de recursos humanos da Administración provincial. Dentro do seu apartado nº 6 do documento, relativo á mellora das condicións laborais dos empregados públicos provinciais, figura o compromiso de negociar no seo da mesa xeral de negociación un sistema de carreira profesional para os empregados públicos provinciais así como iniciar os estudos precisos para aplicar a avaliación do desempeño na Administración provincial. Froito deste documento e como primeiro paso para a implantación do sistema de carreira horizontal na Deputación Provincial de Ourense elaborouse un documento inicial onde se recollen os principios xerais, o establecemento dun cronograma e a posibilidade de*

*aplicación dun réxime transitorio. A Mesa Xeral de Negociación do Inorde, considerou a implantación do sistema de carreira horizontal no Inorde, con estes criterios e nos mesmos termos que os establecidos no regulamento da Deputación Provincial de Ourense.*

*Artigo primeiro. Obxecto.*

*Este regulamento ten por obxecto establecer as bases e incorporar a modalidade de carreira profesional horizontal para todos/as os/as empregados/as públicos/as do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) nos termos previstos legalmente.*

*Artigo segundo. Concepto e obxectivos da carreira profesional.*

*2.1. A carreira profesional é o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade.*

*2.2. A carreira administrativa horizontal supón a posibilidade de avanzar profesional e retributivamente sen necesidade de cambiar de posto de traballo, como recoñecemento á experiencia, coñecementos e compromiso coa organización mostrados durante a actividade profesional. A carreira horizontal terá carácter progresivo, será voluntaria e organizarase en 4 graos que se establezan aos que se accederá mediante convocatoria previa.*

*2.3. Son obxectivos do sistema de carreira profesional horizontal os seguintes:*

*a) Recoñecer a achega dos empregados públicos provinciais á mellora da calidade dos servizos que presta o Inorde.*

*b) Distinguir aos profesionais, outorgándolles un recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional e individual.*

*c) Fomentar a cultura do compromiso do persoal do Inorde co sistema de función pública, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación.*

*d) Lograr un maior grao de motivación que permaneza ao longo da súa vida laboral como xeito de propiciar a mellora dos servizos públicos.*

*Artigo terceiro. Características da carreira profesional horizontal.*

*Son características da carreira profesional horizontal as seguintes:*

*a) Voluntaria: corresponde ao persoal decidir se se incorpora ao sistema de carreira e o ritmo de progresión nos diferentes graos que a configuran, cumprindo os requisitos establecidos.*

*b) Personalizada: o recoñecemento do grao ten carácter persoal e individual e farase considerando os méritos presentados pola persoa interesada de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

- c) *Progresiva*: o acceso aos diferentes graos recoñecidos na carreira farase sucesivamente ao longo da vida laboral, de xeito que o acceso ao grao superior só será posible acreditando o recoñecemento do grao inmediatamente inferior e logo dun período de permanencia neste último.
- d) *Avaliable*: o sistema fundaméntase na avaliación, suxeita a baremo, da antigüidade e dos méritos da persoa interesada.
- e) *Transparente*: os elementos e criterios de avaliación serán públicos.
- f) *Irreversible*: os graos serán irreversibles e consolidables para todos os efectos.
- g) *Independente do posto de traballo que se ocupe*: obter un grao de carreira determinado ou acceder a outro non implica cambiar de posto de traballo nin de actividade que a persoa interesada desenvolve.
- h) *Actualizable*: a variación no valor do complemento de carreira profesional será actualizado anualmente na mesma porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) *Aberta*: non ten limitacións de acceso (sen cotas), sempre que se cumpran os requisitos básicos establecidos e os criterios definidos para obter cada grao.
- j) *Homologable*: o sistema deséñase consonte cos criterios xerais de homologación e incorporará mecanismos para o recoñecemento dos graos de carreiras profesionais acadados noutras administracións públicas.
- k) *Orientada á prestación de servizos públicos de calidade á veciñanza así como ao mellor cumprimento dos obxectivos do Inorde*.

*Artigo cuarto. Ámbito de aplicación.*

O sistema de recoñecemento da carreira administrativa será de aplicación a todo o persoal empregado público do Inorde: persoal funcionario de carreira e interino, persoal laboral fixo, persoal laboral interino, persoal laboral temporal e persoal laboral indefinido ou o integrado procedente doutras administracións.

*Artigo quinto. Requisitos de acceso ao sistema de carreira profesional.*

5.1. Para acceder ao sistema de carreira horizontal e progresar no recoñecemento dos graos sucesivos o empregado público provincial deberá cumprir os seguintes requisitos básicos:

- a) *Estar incluído no ámbito de aplicación establecido no artigo 4.*
- b) *Estar en situación de activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza. Aos efectos de completar período de permanencia en grao computarase o*

*tempo de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza.*

*c) Presentar a solicitude de recoñecemento de grao no prazo que se estableza na convocatoria correspondente, que será periódica e non dilatoria.*

*d) Acreditar o período de permanencia establecido en cada caso.*

*5.2. Non se procederá ao recoñecemento de graos na situación de suspensión de funcións declarada como consecuencia da tramitación dun procedemento xudicial ou expediente disciplinario ata que sexa reincorporado ao servizo activo e sempre que cumpra os demais requisitos.*

*Artigo sexto. Estrutura, sistema de graos e retribucións.*

*6.1. O punto de inicio do cómputo para a carreira profesional será a toma de posesión (para o persoal funcionario de carreira ou interino) ou a sinatura no contrato que corresponda (laboral fixo, temporal ou indefinido non fixo). No caso de discrepancia só será válido o documento acreditativo desa situación expedido polo Inorde.*

*6.2. Entenderase como tempo efectivo de traballo, para os efectos de cómputo de permanencia nos diferentes graos, o tempo transcorrido en servizo activo ou calquera outra que supoña reserva de praza.*

*6.3. Para recoñecer a progresión na carreira profesional establécense unha serie de graos:*

*a) Grao inicial: ata máximo dos cinco anos de servizo continuado, non sendo esixible a acreditación de horas de formación.*

*b) Grao I: a partir dos 5 anos de servizo acreditando a realización de polo menos 40 horas de formación total acumulada.*

*c) Grao II: a partir dos 10 anos de servizo acreditando a realización de polo menos 100 horas de formación total acumulada.*

*d) Grao III: a partir dos 15 anos de servizo e acreditando a realización de polo menos 150 horas de formación total acumulada.*

*e) Grao IV: con máis de 20 anos de servizo e acreditar a realización de polo menos 200 horas de formación total acumulada.*

*6.4. Por formación enténdese o conxunto de actividades que teñen como finalidade o mantemento e mellora da competencia profesional e o desenvolvemento do empregado público e, polo tanto, axudar na consecución dos obxectivos do Inorde. Serán computables como formación todos aqueles cursos e xornadas convocados e organizados polas administracións públicas, universidades tanto públicas como privadas, organizacións sindicais e outras entidades cuxa formación estea recoñecida por un organismo oficial. Do*

*mesmo xeito, recoñécese como mérito para a carreira profesional a formación de carácter transversal: violencia de xénero, igualdade, ofimática, lingua galega, idiomas, prevención de riscos laborais, primeiros auxilios, etc. Todos os cursos ou xornadas de formación serán xustificadas mediante certificado acreditativo no que conste o número de horas, sen o cal non será válido. As horas de formación serán acumulables entre cada un dos graos. Tamén será valorable a formación que realice o/a empregado/a público/a como docente ou formador/ora.*

*6.5. O grao inicial non terá retribución.*

*6.6. Os graos I a IV recoñecidos aboaranse mediante unha retribución adicional ao complemento de destino como retribución complementaria de carácter fixo para o correspondente corpo, escala, especialidade ou categoría profesional.*

*6.7. Este complemento será adicional aos conceptos retributivos actualmente existentes na estrutura salarial dos empregados públicos do Inorde.*

*6.8. As contías anuais que se perciban por este complemento devindicaránse en 12 mensualidades e serán as seguintes (por cada grao):*

<i>A1</i>	<i>1.080 euros</i>
<i>A2</i>	<i>1.080 euros</i>
<i>B</i>	<i>840 euros</i>
<i>C1</i>	<i>840 euros</i>
<i>C2</i>	<i>720 euros</i>
<i>AP</i>	<i>720 euros</i>

*Estas cantidades serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos para a retribución do persoal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde.*

*Artigo sétimo. Procedemento ordinario.*

*7.1. A solicitude de recoñecemento de grao presentarase polas persoas empregadas do Inorde que reúnan os requisitos establecidos neste regulamento previa convocatoria aprobada polo órgano competente e na que se establecerá a data de inicio e fin de prazo de presentación. Este prazo será como mínimo dun mes.*

*7.2. Os requisitos para acceder ao grao solicitado deberán acreditarse dentro do prazo indicado.*

*7.3. A resolución sobre o recoñecemento de grao ditarase no prazo máximo de 3 meses desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes.*

*Artigo oitavo. Progresión na carreira profesional.*

*8.1. O recoñecemento da progresión nos graos da carreira profesional implicará variacións de clasificación profesional e retributivos pero non cambios xerárquicos nin funcionais. Na práctica, o persoal do Inorde continuará desempeñando as súas funcións na mesma unidade ou departamento ao que estaba adscrito.*

*8.2. O acceso a un grao superior requirirá do cumprimento dos seguintes requisitos:*

*a) O período de permanencia no grao inmediatamente inferior:*

*- Para o acceso ao grao I, 5 anos desde a adquisición do grao inicial.*

*- Para o acceso ao grao II, 6 anos desde a adquisición do grao I.*

*- Para o acceso ao grao III, 6 anos desde a adquisición do grao II.*

*- Para o acceso ao grao IV, 7 anos desde a adquisición do grao III.*

*b) Obtención dunha avaliación positiva.*

*c) Acreditar a formación establecida para cada grao.*

*d) Non ter sanción administrativa grave ou moi grave.*

*8.3. O empregado ou empregada do Inorde en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns terá dereito ao cómputo do tempo na devandita situación, a efectos de carreira profesional horizontal, nos seguintes termos:*

*a) Cando nun mesmo ano natural coexistan períodos de prestación efectiva de servizos e períodos de permanencia na situación de incapacidade temporal e a valoración do proceso de avaliación anual do empregado/a sexa favorable.*

*b) No suposto de que no ano natural non se produza prestación efectiva de servizos, suspenderase a progresión ata o primeiro ano no que exista prestación de servizos efectiva que permita a avaliación, conservándose e retribuíndose durante o período de incapacidade a categoría e grao obtido no momento do inicio da situación da incapacidade laboral temporal.*

*c) Cando a incapacidade temporal veña dada por continxencias profesionais, computarase o tempo como de traballo efectivo, aplicando o resultado da última avaliación ao desempeño efectuada.*

*8.4. No recoñecemento de progresión na carreira profesional as sancións disciplinarias leves non serán impedimento para a progresión de grao. Pola contra, cando exista sanción grave ou moi grave o tempo de suspensión de funcións suporá a paralización do cómputo no grao que corresponda polo mesmo tempo que a sanción disciplinaria. Só se procederá neste último caso cando a sanción sexa firme.*

*Artigo noveno. Comisión de seguimento.*

9.1. *Constituirase unha comisión para realizar o seguimento das medidas que se adopten na súa aplicación e resolver as cuestións que xurdan na interpretación e execución deste regulamento.*

9.2. *A composición estará formada por unha ou un representante de cada unha das organizacións sindicais con presenza na Mesa Xeral de Negociación do Inorde e o presidente do Inorde ou membro da comisión executiva no que delegue acompañado pola xerente e polo secretario do Inorde ou técnico/a en quen deleguen.*

9.3. *As funcións deste órgano serán:*

*a) Interpretar a totalidade dos artigos e cláusulas deste regulamento.*

*b) Vixiar o cumprimento do pactado e denunciar, no seu caso, os incumprimentos.*

*c) Estudar, propor e, cando proceda, resolver aquelas cuestións presentadas polas partes.*

*d) Actualizar o contido deste Regulamento para adaptalo á normativa vixente.*

*e) Garantir a igualdade de trato entre todas/os as/os traballadoras e traballadores do Inorde, independentemente da relación laboral que os/as vincule con esta.*

*f) Resolver previo á vía administrativa ou xudicial as discrepancias sobre a avaliación do desempeño.*

9.4. *Para exercer as labores de control e seguimento, a Comisión reunirse con carácter ordinario semestralmente e, de xeito extraordinario, cando o solicite polo menos o 50% de cada unha das partes.*

9.5. *A Comisión poderá utilizar os servizos ocasionais ou permanentes de asesores, con voz pero sen voto.*

9.6. *O funcionamento da Comisión será similar á dos órganos colexiados previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*

*Artigo décimo. Baremación.*

10.1. *A avaliación do desempeño é o instrumento a través do que se acredita o compromiso do persoal do organismo provincial na mellora dos servizos públicos e na consecución dos obxectivos da Administración provincial, e mediante o cal se mide e se valora a conduta profesional e o rendemento ou logro dos resultados.*

10.2. *O sistema de avaliación do desempeño no Inorde rexerese por criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación, e aplicaranse sen menoscabo dos dereitos dos/as empregados/as. O Inorde aprobará, previa negociación coas organizacións sindicais, o sistema para levar a cabo esta avaliación, cumprindo os requisitos indicados.*

10.3. *Aparte de superar as avaliacións do desempeño que se determinen regulamentariamente, teranse en conta outros criterios de avaliación como poden ser: a actividade profesional; a formación e innovación; a implicación e compromiso coa organización; o cumprimento dos obxectivos individuais e colectivos da unidade administrativa; a participación en iniciativas e programas especiais, liñas de traballo específicas ou transversais, procesos de cambio, implantación de novos sistemas e, en xeral, actividades singulares que sexan acreditadas pola Xerencia do Inorde como de interese para a actividade administrativa con relevancia para o sistema de carreira profesional.*

*Artigo décimo primeiro. Recoñecemento de servizos noutras administracións públicas e incidencia da promoción interna na carreira profesional.*

*O persoal que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical, ou incluso por acceso libre, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos anteriormente nos grupos, corpos, escala ou especialidades acadados ao longo da súa carreira administrativa e acumularase o tempo de servizos prestados nos distintos corpos, escalas ou categorías profesionais para acadar o cumprimento dos prazos establecidos para cada grao. Terase en conta os servizos prestados noutras administracións públicas. Así mesmo, recibirá o mesmo tratamento que o persoal deste corpo, escala ou especialidade para os efectos de acceso e progresión da carreira.*

*Artigo décimo segundo. Sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa.*

12.1. *Dado que o sistema de avaliación do desempeño aínda non está implementado no Inorde, o sistema de carreira administrativa ordinaria no pode operar segundo o previsto neste Regulamento, establecéndose un réxime transitorio que ten como obxectivo garantir unha transición eficiente ata a carreira profesional horizontal, asegurando que o sistema se axuste e asegure axeitadamente antes da súa consolidación definitiva.*

12.2. *Dentro deste réxime transitorio establécese un sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, sistema extraordinario que ten como finalidade adiantar os tempos para o acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, de xeito que lle permita ao persoal cunha maior antigüidade acceder anticipadamente aos distintos graos. De non ser así, recibirían o mesmo tratamento que o persoal de novo ingreso.*

*Artigo décimo terceiro. Sistema extraordinario de acceso ao grao I.*

13.1. No primeiro semestre deste exercicio 2026, tramitarase un sistema excepcional e transitorio de solicitude de encadramento para o acceso, de xeito directo e por unha soa vez, ao grao I de carreira administrativa horizontal. Poderá participar neste réxime extraordinario o persoal empregado público do Inorde que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza).
- b) Ter a condición de empregado público nesta administración ou integrado procedente doutras administracións cunha antigüidade de polo menos cinco anos no corpo, escala ou categoría profesional a data do 31 de decembro de 2025.
- c) Cumprir co requisito de acreditar a realización de polo menos 40 horas de formación total acumulada.

13.2. En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento do 100% do complemento de carreira correspondente ao grao I recoñecido, producirase na anualidade de 2026, con efectos económicos do 1 de xaneiro ese ano.

*Artigo décimo cuarto. Sistema extraordinario de acceso ao grao II.*

14.1. No segundo semestre do ano 2026, o Inorde publicará a convocatoria para que aqueles que teñan recoñecido o grao I poidan solicitar o encadramento no grao II a través deste sistema excepcional e transitorio e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza).
- b) Ter recoñecido o grao I e ter a condición de empregado público nesta administración ou integrado procedente doutras administracións cunha antigüidade de polo menos de dez anos no corpo, escala ou categoría profesional a data do 31 de decembro de 2025.
- c) Cumprir co requisito de acreditar a realización de polo menos 100 horas de formación total acumulada.

14.2. En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento do complemento de carreira correspondente ao grao II recoñecido, producirase de maneira progresiva en dúas anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:

- En 2027 o 50% do grao II.
- En 2028 o 100% do grao II.

**2º.** De conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, **someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días**, para os efectos de presentación de reclamacións e/ou suxestións.

No caso de que non se teña presentado reclamación e/ou suxestión ningunha entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial quedando facultado expresamente o presidente para proceder á publicación íntegra da Ordenanza no BOP como requisito de eficacia para a súa entrada en vigor.

**6º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2026 (EXPTE Nº 2025/20110G).**

**D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular,** expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2026, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 15 de abril de 2026, por importe de 1.850.000,00 euros, co seguinte resumo por capítulos:

**Estado de gastos:**

Capítulo 1.- Gastos de persoal, 449.410,04 euros.

Capítulo 2.- Gastos bens correntes e servizos, 1.400.289,96 euros.

Capítulo 3.- Gastos financeiros, 300 euros.

**Total gastos: 1.850.000,00 euros.**

**Estado de ingresos:**

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos, 1.850.000,00 euros.

**Total ingresos: 1.850.000,00 euros.**

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para revolveelas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2026.

**7º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 3/2026 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS CONSISTENTE NA CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E DA MODIFICACIÓN DO ANEXO IV DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, FINANCIADOS CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS QUE SE DESPRENDE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2025, E NA CONCESIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO, FINANCIADO POLA BAIXA POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS DE OUTRAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS (EXPTE N° 2026/6294M).**

**D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular,** expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 8º da orde do día cuxas intervencións se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

[ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 3/2026 de modificación de créditos orzamentarios consistente na concesión de suplementos de créditos, créditos extraordinarios e da modificación do anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais que se desprende da liquidación do orzamento do exercicio 2025, e na concesión dun crédito extraordinario, financiado pola baixa por anulación de créditos de outras aplicacións orzamentarias.

O detalle da modificación orzamentaria cuantitativa é a seguinte:

### **CAPÍTULO IV do orzamentos de gastos**

#### **SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS. Capítulo IV**

ENTIDADES	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ADO-ASOCIACION DISCAPACITADOS OURENSE	Gastos de funcionamento	15.000,00 €	23111/48099
ALCER	Gastos funcionamento	13.000,00 €	23111/48099

APSOU- ASOCIACION PERSOAS XORDAS OURENSE	Proxecto provincial 2026	25.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION AIXIÑA	Gastos xerais da asociación	50.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION AUTISMO APUNTASTE	Atención temperá e infante-xuvenil	15.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION AUTISMO OURENSE	Gastos de funcionamento	43.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION BANCO DE ALIMENTOS DE OURENSE	Gastos de funcionamento	30.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION BEARICENSE DANIEL PRADO LAMAS	Gastos de funcionamento e proxectos	2.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION ESCOLA RURAL DA LIMIA	Proxecto BEN-ESTAR	20.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION GALEGA DE ENFERMERIA FAMILIAR	Gastos de organización congreso 2026	10.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION INTEGRA DA LIMIA	Festa Celta	3.700,00 €	23111/48099
ASOCIACION OURENSANA DE ESCLEROSIS MULTIPLE, PARKINSON E ENFERMIDADES RARAS	Gastos de funcionamento	10.000,00 €	23111/48099
ASOCIACION POR ELES TEA	Gastos de funcionamento	15.000,00 €	23111/48099
CARITAS OURENSE	Programa axudas alimentación	30.000,00 €	23111/48099
COGAMI	Gastos de funcionamento e programas de inserción social	50.000,00 €	23111/48099
CRUZ VERMELLA	Programa de intervención coa infancia	15.000,00 €	23111/48099
CRUZ VERMELLA	Gastos de funcionamento e programa de actividades	50.000,00 €	23111/48099
FEDERACION ESPAÑOLA DEPORTES DISCAPACIDADE INTELLECTUAL (FEDDI)	Campionato del mundo atletismo pista corta virtus 2026	20.000,00 €	23111/48099
FUNDACION AMARANTA	Solucións residenciais para mulleres, vítimas de trata e violencia de xénero	20.000,00 €	23111/48099
FUNDACION ASILO NOSA SRA DOS ANXOS DE RIBADAVIA	Gastos de funcionamento	80.000,00 €	23111/48099
FUNDACION DISCAPACITADOS DE VERIN	Gastos de funcionamento	21.000,00 €	23111/48099
FUNDACION DISCAPACITADOS PSIQUICOS TERRA DE CELANOVA	Gastos de funcionamento	40.000,00 €	23111/48099
FUNDACION GAVELA	Servizo de protección xurídica	60.000,00 €	23111/48099
FUNDACION MONTE	Proxecto Home Galicia	25.000,00 €	23111/48099

DO GOZO			
FUNDACION SECRETARIADO GITANO	Programa Promociona. Éxito educativo do alumnado xitano	39.974,35 €	23111/48099
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	Convivencia familiar O Carballiño 2026	10.000,00 €	23111/48099
UNIVERSIDADE DE VIGO	Proxecto HUB TERMAL : Planta Piloto	150.000,00 €	32611/45199
UNIVERSIDADE DE VIGO	Convenio actividades de difusión cultural	220.000,00 €	32611/45199
UNIVERSIDADE DE VIGO	Promoción da formación en turismo	80.000,00 €	32611/45199
LA MAQUINADORA	Actividades Estudos Abertos	10.000,00 €	33420/48099
AGA - ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	Actividades da entidade	87.500,00 €	33420/48099
AGRUPACIÓN DE LIBREIROS DE OURENSE	Actividades culturais e recreativas	5.000,00 €	33420/48099
AGRUPACIÓN MUSICAL DA LIMIA - ORQUESTRA OURENSANÍA	Actividades culturais	40.000,00 €	33420/48099
AGRUPACIÓN MUSICAL LOPOLIAS	Gastos de funcionamento	4.000,00 €	33420/48099
ASOCIACION CULTURAL COFRADIA DA VERACRUZ DE O CARBALLIÑO	Actividades culturais	9.000,00 €	33420/48099
<b>RAIRIZ DE VEIGA</b>	Construción nave municipal en Lampazas	48.000,00 €
<b>RAIRIZ DE VEIGA</b>	Local centro social en Lampazas	46.000,00 €
<b>RAMIRÁS</b>	Rehabilitación de inmovible municipal	60.493,44 €
<b>RIBADAVIA</b>	Máquina Musculación Multiusos para o centro deportivo municipal “o Consello”	15.000,00 €
<b>RIBADAVIA</b>	Estrutura Rack Multifuncion para o centro deportivo municipal “O Consello”	15.000,00 €
<b>RIÓS</b>	Mellora rede de saneamento concello de Riós	9.450,00 €
<b>RIÓS</b>	Proxecto de humanización das rúas campo da feira e marmolín no concello de Riós	16.961,95 €
<b>RIÓS</b>	Rehabilitación de vivenda pública de titularidade municipal	2.613,56 €

<b>RIÓS</b>	Posta en valor do conxunto patrimonial do muíño do Mente e da ponte histórica da ruta da Prata	6.200,63 €
<b>RIÓS</b>	Mellora Impactos Paisaxísticos	8.800,00 €
<b>RIÓS</b>	Plan Marco 2026_2027	13.783,97 €
<b>RIÓS</b>	Construción depósito de auga para extinción de incendios en Marcelín	48.000,00 €
<b>RÚA,A</b>	Pavimentación da rúa D arriba no núcleo de Vilela	100.000,00 €
<b>RUBIÁ</b>	Cofinanciamento Plan Hurbe	84.152,86 €
<b>RUBIÁ</b>	Acondicionamento vestiarios campo de fútbol de Rubiá	35.000,00 €
<b>SAN AMARO</b>	Mellora do firme da estrada de acceso a Anllo Pequeño e A Touza	60.000,00 €
<b>SAN AMARO</b>	Construción dos vestiarios no campo de fútbol de Lamela, Salamonde	30.000,00 €
<b>SAN AMARO</b>	Mellora de acceso aos núcleos de Montes e Sandulces	40.000,00 €
<b>SAN CIBRAO DAS VIÑAS</b>	Proxecto de construción de cuberta na pista deportiva Gonoba.	150.000,00 €
<b>SAN CIBRAO DAS VIÑAS</b>	Humanización campo da Vela San Cibrao	125.000,00 €
<b>SAN CRISTOVO DE CEA</b>	Afirmado de camiños en faramontaos de Viña	136.058,83 €
<b>SAN CRISTOVO DE CEA</b>	Cofinanciamento execución das obras de Humanización do casco antigo	200.000,00 €
<b>SAN XOÁN DE RÍO</b>	Formigonado de núcleos rurais	26.436,00 €
<b>SANDIÁS</b>	Aumentos de obra pavillón polideportivo de Sandiás	62.893,38 €
<b>SANDIÁS</b>	Cofinanciamento construción de nave para almacén	150.000,00 €
<b>SARREAUS</b>	Acondicionamento viais urbanos	45.000,00 €
<b>SARREAUS</b>	Reparación e camiños e mellora de seguridade vial	45.000,00 €
<b>TABOADELA</b>	Arranxo de estradas no municipio	37.580,00 €
<b>TABOADELA</b>	Pavimentación de rúas en Taboadela	40.000,00 €
<b>TEIXEIRA,A</b>	Equipamento de residencia da terceira idade	32.000,00 €
<b>TOÉN</b>	Achega municipal correspondente ao acordo de cooperación suscrito entre a consellería de vivenda e Planificación de Infraestruturas e o concello de Toén para a realización de obras en materia de urbanismo	53.392,83 €
<b>TRASMIRAS</b>	Cofinanciamento do proxecto básico e de execución do cemiterio municipal de Vilaseca	50.000,00 €
<b>TRASMIRAS</b>	Cofinanciamento de ampliación da rede de abastecemento de auga potable en Trasmiras	40.000,00 €
<b>VEIGA,A</b>	Mellora e dotación do CIMA e os seus accesos ou viais	130.000,00 €
<b>VEREA</b>	Bacheo e pavimentación de varias pistas municipais	47.350,06 €
<b>VERÍN</b>	Reordenación da Avenida de Portugal en Verín	127.000,00 €
<b>VIANA DO BOLO</b>	Convenio de construción campo de fútbol de herba artificial As Carretas. Anualidade 2026	150.000,00 €
<b>VILAMARÍN</b>	Mellora dotacional na OU-189	47.993,44 €
<b>VILAMARÍN</b>	Construción Polideportivo. Anualidade 2026	200.000,00 €

VILAMARÍN	Mellora de camiños no concello	32.000,00 €
VILAMARÍN	Mellora da eficiencia enerxética no concello	48.000,00 €
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Campo de fútbol 11	150.000,00 €
VILAR DE BARRIO	Cofinanciamento convenio CHMS saneamento en Arnuide	50.000,00 €
VILAR DE SANTOS	Mellora das infraestruturas viarias do parque empresarial da Santa Marta	15.411,77 €
VILAR DE SANTOS	Mellora da eficiencia enerxética do albergue municipal	13.688,19 €
VILAR DE SANTOS	Mellora de camiños rurais	7.914,69 €
VILAR DE SANTOS	Arranxo de camiños no núcleo de A Venda	12.985,35 €
VILARDEVÓS	Abastecemento e saneamento en Tomonte	46.096,91 €
VILARDEVÓS	Pavimentación rúa Toural e rehabilitación de parque infantil en Vilardevós	17.903,09 €
VILARIÑO DE CONSO	Mellora no núcleo de San Cristobo	48.390,30 €
VILARIÑO DE CONSO	Impermeabilización de Parque	11.609,70 €
XINZO DE LIMIA	Melloras no museo galego do entroido	100.000,00 €
XINZO DE LIMIA	Proxecto para vestiarios campo de fútbol Carreira	171.230,23 €
XINZO DE LIMIA	II Cofinanciamento para o proxecto de remodelación da praza de abastos. Anualidade 2026	100.000,00 €
XUNQUEIRA DE AMBÍA	Ampliación modificado de proxecto construción residencia e maiores	350.000,00 €
XUNQUEIRA DE AMBÍA	Bacheos e regos superficiais nas vías municipais das parroquias de Abeleda, Graña e Sobradelo	90.000,00 €
XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO	Nave cultural	7.000,00 €
XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO	Pista Multideporte	40.000,00 €
XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO	Humanización do mosteiro	13.000,00 €
<b>CAPÍTULO VII</b>		<b>11.236.501,21 €</b>

Na modificación de créditos número 1/2026, aprobada inicialmente na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o 27 de marzo de 2026, actualmente en fase de exposición pública e publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 31 de marzo de 2026, acordouse a **concesión dun crédito extraordinario na aplicación orzamentaria 41411/62730 “ proxectos complexos. Medio rural”**, por importe de **107.000,00 euros**.

Non obstante, con posterioridade á aprobación inicial do devandito expediente, os responsables do contrato achegaron a concreción detallada das necesidades asociadas á

execución do proxecto de gasto, poñendo de manifesto a concorrencia tanto de gastos de natureza corrente como de capital. Esta circunstancia determina a inadecuación da aplicación orzamentaria inicialmente prevista, ao non permitir unha correcta imputación conforme á natureza económica do gasto, de acordo cos principios de especialidade cualitativa e cuantitativa recollidos na normativa orzamentaria, en particular no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

En consecuencia, **procédese a deixar sen efecto o crédito extraordinario incluído na modificación de créditos 1/2026**, e a **súa nova dotación a través da presente modificación de créditos número 4/2026**, mediante a habilitación das aplicacións orzamentarias axeitadas que garantan unha correcta e adecuada imputación contable do gasto, conforme á súa natureza económica, as cales se detallan a continuación.

Operacións correntes		
41411/ 13100	Retribucións básicas. Medio rural	7.699,26 €
41411/ 13102	Outras remuneracións. Medio rural	12.294,14 €
41411/ 16000	Seguridade social. Medio rural	6.397,60 €
41411/ 22707	Prestación de servizos. Medio rural	18.609,00 €
<b>Total operacións correntes</b>		<b>45.000,00 €</b>
Operacións de capital		
41411/ 62730	Proxectos complexos. Medio rural	62.000,00 €
<b>Total operacións de capital</b>		<b>62.000,00 €</b>
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>		<b>107.000,00 €</b>

Resumo do expediente de modificación de créditos número 4/2026

Créditos orzamentario			Financiamento	
Aplicación orzamentaria	Importe	Concepto de ingresos		Importe
Capítulos Concellos IV, VII.	13.066.242,80 €		Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	13.173.242,80 €
Capítulos Medio rural I, II,VI.	107.000,00 €	87000		
<b>Total</b>	<b>13.173.242,80 €</b>	<b>Total</b>		<b>13.173.242,80 €</b>

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

### **9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DO SISTEMA PROVINCIAL UNIFICADO DE EMERXENCIAS DA PROVINCIA DE OURENSE (EXP. Nº 2026/6418Z).**

A esta moción presentáronse dúas emendas, unha polo Grupo Popular e outra polo BNG, que son rexeitadas polo grupo propoñente da moción.

**D.ª Eva María Pérez Gamote, do Grupo Socialista**, expón o contido da seguinte moción:

*“A provincia de Ourense leva anos arrastrando unha situación estruturalmente deficiente no ámbito das emerxencias, especialmente no relativo ao servizo de bombeiros. Durante máis de dúas décadas, este servizo funcionou baixo un modelo privatizado, caracterizado por condicións laborais precarias, falta de estabilidade e ausencia dunha planificación pública acaída. Esta realidade afectou non só ao persoal, senón tamén á calidade e á eficacia do servizo prestado á veciñanza. O paso cara un modelo público produciuse, en gran medida, como consecuencia de resolucións xudiciais que obrigaron á administración a recoñecer dereitos básicos ao persoal, o que deixou en evidencia a falta dunha planificación previa e dunha aposta decidida por un sistema de titularidade institucional forte e estruturado. A transición cara á nova configuración non foi, polo tanto, froito dunha decisión estratéxica orientada á mellora na prestación do servizo, senón unha resposta reactiva e tardía a obrigas xudicialmente impostas, o que condicionou desde o principio a solidez e a coherencia do aparato resultante. Arestora, os parques de bombeiros da provincia —Verín, O Carballiño, Xinzo de Limia e Valdeorras— continúan afrontando déficits de base en materia de persoal, organización e planificación, o cal repercute directamente na capacidade de resposta fronte a emerxencias. As reivindicacións do persoal evidencian carencias de fondo: falta de efectivos suficientes, recurso sistemático ás horas extraordinarias, dificultades na aplicación do convenio colectivo e ausencia dunha planificación real a medio e longo prazo. Estas eivas reflíctense no propio orzamento do Consorcio de Bombeiros para o exercicio 2026: cun monto de 6.480.000 euros, arredor do 80% destínase a persoal, cun elevado volume de horas extraordinarias, mentres que os investimentos en medios materiais, infraestruturas e equipamentos resultan claramente limitados. Ademais, o elevado*

*gasto en estudos e traballos técnicos da conta dunha excesiva externalización fronte á necesidade de reforzar a capacidade interna do servizo. En conxunto, estamos ante un sistema que garante o funcionamento, pero non a súa mellora nin modernización. Doutra banda, o sistema de emerxencias na provincia continúa fragmentado, ao coexistir os parques de bombeiros do Consorcio cos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), que dependen dos concellos. Os GES xurdiron como resposta a unha necesidade real, pero foron derivando cara a un papel funcionalmente ambiguo: realizan funcións propias de bombeiros sen contar co marco organizativo e laboral que tal actividade require, situando ao persoal e ás administracións locais nunha situación de indefinición que non pode prolongarse. Esta situación xera problemas de coordinación, duplicidades e ineficiencias, ao tempo que os entes locais continúan a soportar unha importante carga administrativa e funcional na xestión dun servizo que, pola súa natureza, é claramente supramunicipal. Os GES atópanse, ademais, nun cadro de ambigüidade organizativa e normativa derivada de convenios pouco definidos, do que se derivan agravios comparativos e desigualdade entre territorios. Esta realidade supón, en moitos casos, o exercicio dunha competencia impropia por parte dos concellos, xerando inseguridade xurídica tanto para o persoal como para as propias administracións locais, con particular intensidade en tarefas de intervención directa. Cómpre tamén poñer en valor o labor fundamental que desenvolven as agrupacións de voluntariado de Protección Civil, que realizan un traballo esencial de xeito desinteresado, sobre todo no que atinxe á prevención, apoio e colaboración nas emerxencias. O seu papel resulta especialmente relevante nun territorio como o de Ourense, marcado pola dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e unha elevada exposición ao risco de incendios forestais. Coa vulnerabilidade que arrastra a provincia por mor dos lumes, resulta ineludible contar cun sistema que permita actuar de maneira coordinada tanto na prevención como na extinción. A experiencia dos últimos anos demostra que a falta de planificación e coordinación incrementa o risco e as consecuencias dos incendios, de xeito especial cando afectan a vivendas e núcleos de poboación. A magnitude das vagas de lumes rexistradas na nosa provincia, así como a súa tendencia a repetirse e mesmo a agravarse, fan desta cuestión un imperativo de seguridade pública que non admite máis demoras. Resulta imprescindible avanzar cara a un modelo operativo baseado nun mando único, artellado de maneira integral e sustentado nunha planificación clara e anticipada, que permita optimizar os recursos e garantir unha resposta eficaz en todo o territorio. Trátase de construír un plan integral das emerxencias na provincia que supere a fragmentación actual e dote ao conxunto da coherencia, a eficiencia e a cobertura territorial que hoxe non ten. Esta*

*reorganización debe compatibilizar a funcionalidade do sistema coa proximidade ao territorio, mediante a colaboración cos concellos. O obxectivo non é centralizar por centralizar, senón garantir que cada recurso dispoñible estea correctamente integrado, coordinado e orientado cara á protección efectiva da cidadanía. Estamos, en definitiva, ante un servizo público esencial, do que depende directamente a vida e a seguridade das persoas. A Deputación de Ourense ten a responsabilidade e a capacidade de liderar este proceso, e non debe seguir adiando as decisións que o noso territorio e a nosa cidadanía requiren.*

*Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

**PRIMEIRA.-** *Elaborar un Plan Integral de Emerxencias da provincia de Ourense que estableza un modelo operativo baseado nun mando único de coordinación, que abranca todos os servizos de emerxencias e que garanta a actuación conxunta tanto na prevención como na extinción de incendios, que incorpore mecanismos de planificación anticipada dos riscos e que teña como obxectivo central a protección efectiva das vivendas e dos núcleos de poboación de toda a provincia.*

**SEGUNDA.-** *Adoptar as medidas necesarias para garantir a cobertura inmediata das vacantes existentes, a creación de prazas estruturais en número suficiente para atender as necesidades operativas e o reforzo dos efectivos nos períodos de maior risco.*

**TERCEIRA.-** *Garantir o cumprimento efectivo do Convenio Colectivo, acometendo a súa revisión e adaptación ás condicións reais do traballo, impulsando un diálogo franco e continuado co persoal e asegurando a seguridade xurídica e laboral nas funcións de intervención.*

**CUARTA.-** *Instar á Deputación de Ourense e á Xunta de Galicia á integración plena dos GES no Consorcio Provincial de Bombeiros, co obxectivo de poñer fin aos agravios comparativos existentes e garantir un cadro organizativo e laboral homoxéneo, actualizado e claro para todo o persoal.*

**QUINTA.-** *Velar por que este proceso se realice en colaboración cos concellos, de xeito que se manteña a presenza territorial do servizo e se permita, de común acordo, ben a continuidade nas actuais sedes municipais, ben a súa reorganización en parques comarcais, segundo as necesidades de cada territorio.*

**SEXTA.-** *Tomar as medidas acaídas para reducir a carga administrativa e funcional dos concellos en materia de emerxencias, incrementar o investimento en medios materiais e infraestruturas, limitar a externalización de estudos e traballos técnicos a favor do*

*reforzamento da capacidade interna do servizo, garantir a prevención de riscos laborais e impulsar a transparencia na xestión do Consorcio.*

**SÉTIMA.**- *Impulsar a integración funcional das agrupacións de voluntariado de Protección Civil no sistema provincial de emerxencias, dotándoas dos recursos necesarios e reforzando a súa coordinación, formación e medios para potenciar o seu papel no conxunto do servizo.*

**OITAVA.**- *Procurar a clarificación das funcións e responsabilidades do persoal do servizo, en particular no que atinxe á condución de vehículos de emerxencia, eliminando as situacións de indefinición xurídica que actualmente xeran inseguridade tanto para os traballadores como para as administracións implicadas”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

Non se producen máis intervencións e procédese á votación, acordándose que se vote por puntos:

O primeiro punto é rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6) e de Democracia Ourenzana (3), a abstención do BNG (3) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito (1).

Os puntos segundo e terceiro quedan aprobados por unanimidade.

O cuarto punto queda aprobado ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de Democracia Ourenzana (3) e a abstención do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito (1).

O punto quinto queda aprobado por unanimidade.

O punto sexto queda aprobado ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3), de Democracia Ourenzana (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Popular (12).

O punto sétimo queda aprobado por unanimidade.

E, por último, o punto oitavo queda aprobado ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3), de Democracia Ourenzana (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Popular (12).

Polo tanto o Pleno adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Adoptar as medidas necesarias para garantir a cobertura inmediata das vacantes existentes, a creación de prazas estruturais en número suficiente para atender as necesidades operativas e o reforzo dos efectivos nos períodos de maior risco.

**SEGUNDO.**- Garantir o cumprimento efectivo do Convenio Colectivo, acometendo a súa revisión e adaptación ás condicións reais do traballo, impulsando un diálogo franco e

continuado co persoal e asegurando a seguridade xurídica e laboral nas funcións de intervención.

**TERCEIRO.-** Instar á Deputación de Ourense e á Xunta de Galicia á integración plena dos GES no Consorcio Provincial de Bombeiros, co obxectivo de poñer fin aos agravios comparativos existentes e garantir un cadro organizativo e laboral homoxéneo, actualizado e claro para todo o persoal.

**CUARTO.-** Velar por que este proceso se realice en colaboración cos concellos, de xeito que se manteña a presenza territorial do servizo e se permita, de común acordo, ben a continuidade nas actuais sedes municipais, ben a súa reorganización en parques comarcais, segundo as necesidades de cada territorio.

**QUINTO.-** Tomar as medidas acaídas para reducir a carga administrativa e funcional dos concellos en materia de emerxencias, incrementar o investimento en medios materiais e infraestruturas, limitar a externalización de estudos e traballos técnicos a favor do reforzamento da capacidade interna do servizo, garantir a prevención de riscos laborais e impulsar a transparencia na xestión do Consorcio.

**SEXTO.-** Impulsar a integración funcional das agrupacións de voluntariado de Protección Civil no sistema provincial de emerxencias, dotándoas dos recursos necesarios e reforzando a súa coordinación, formación e medios para potenciar o seu papel no conxunto do servizo.

**SÉTIMO.-** Procurar a clarificación das funcións e responsabilidades do persoal do servizo, en particular no que atinxe á condución de vehículos de emerxencia, eliminando as situacións de indefinición xurídica que actualmente xeran inseguridade tanto para os traballadores como para as administracións implicadas.

**10º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) DEMANDANDO O ARRANXO DAS ESTRADAS OU-0701 MONTE CABALAR - VILARIÑO DE CONSO E OU-0908 VIANA DO BOLO - VILARIÑO DE CONSO (EXP. Nº 2026/6098Q).-**

**D. Xosé Manuel Puga González, do BNG,** expón o contido da seguinte moción:

*“A vertebración territorial das comarcas de interior é fundamental para evitar a tendencia ao despoboamento que levamos padecendo nas últimas décadas na provincia de Ourense.*

*Moito temos falado da necesidade de ofrecer no rural os mesmos servizos dos que a sociedade dispón nas zonas urbanas.*

*Certo é que as comunicacións de longa distancia (autovías e AVE) coa meseta teñen mellorado substancialmente.*

*Pero tan importante coma iso son as comunicacións entre as nosas comarcas do interior que "permean" as relacións sociais e económicas, especialmente destas zonas de montaña. Estamos inmersos en pleno debate sobre a proposta de Lei da Administración Local de Galiza (LALGA) no que observamos como pretende eliminarse como referencia administrativa as comarcas para potenciar o papel das Deputacións.*

*Ao mesmo tempo, tanto concellos como Deputacións están a ter delegadas "competencias impropias" que non veñen acompañadas de suficiente financiación.*

*Iso obriga a que os recursos económicos (claramente insuficientes) das administracións locais teñan que derivarse cara esas "competencias impropias", deixando a un lado ás que si o son.*

*E dentro desas "competencias PROPIAS" está a rede de estrada provinciais.*

*Conta esta deputación (segundo o catálogo de 2020) cun total de 268 estradas e que supoñen máis de 1.800 quilómetros lineais.*

*Entre estas estradas figuran a OU-0701 -CABALAR (OU-636) -VILARIÑO DE CONSO de algo máis de 30 km e a OU-0908 -VIANA (OU-533) - VILARIÑO DE CONSO- de 8,2 km.*

*Desde o grupo provincial de BNG somos conscientes das dificultades de manter en bo estado a totalidade desta rede viaria. Especialmente con invernos climatoloxicamente chuviosos como o que acabamos de ter.*

*Sabemos do aumento orzamentario no presente ano para arranxos na rede provincial de estradas. Insuficiente e que só en acopio de materiais seguramente vai supoñer máis da metade do custe.*

*Por elo demandamos unha planificación para que as reparacións acometidas sexan integrais e da calidade precisa para que perduren no tempo.*

*Así, a estrada OU-0701 que vai dende Vilariño de Conso ata o concello da Pobra de Trives é moi importante para comunicación entre os concellos veciños de Vilariño de Conso, Viana do Bolo, Manzaneda e Pobra de Trives.*

*A situación desta estrada presenta unha capa de rodadura con numerosas fochancas que dificultan o tránsito viario (curiosamente cambia o estado do firme a peor ao chegar ao concello de Viana do Bolo dende Vilariño de Conso). Indicar que fai un tempo foi ampliada dita estrada nalgúns puntos, zonas ampliadas nos que até o de agora non se procedeu ao seu asfaltado o que impide que esta mellora sexa efectiva para os usuarios da vía. Estamos diante dunha vía de grande importancia e que se atopa nunha situación lamentable.*

*Curiosamente nas datas anteriores á Semana Santa de 2026, moitas destas "fochancas" foron "malamente parcheadas" provocando o enfado e rexeitamento da poboación desas comarcas, que o que demandan é un arranxo integral e de calidade.*

*Respecto a OU-0908 entre Viana e Vilariño é fundamental para a comunicación das parroquias de Grixoa e Vilarmeao, todo o concello de Vilariño de Conso e as parroquias de Fradelo, Fornelos de Filloás e Quintela do Pando coa vila de Viana.*

*Esta vía tamén ten un estado francamente mellorábel con curvas moi perigosas, zonas estreitas, sen pintar adecuadamente, firme con fochancas e moi irregular que provoca unha difícil e perigosa condución*

*Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes*

**ACORDOS:**

- 1. Instar ao goberno da Deputación de Ourense a elaboración dun plan integral de actuación e renovación total do trazado e do firme das estradas OU-0701 e OU-908 e que este arranxo contemple as zonas de ampliación da estrada e redución de curvas.**

**Este "plan integral" pode ter un horizonte temporal máximo de 3 anos para o seu remate.**

- 2. Reclamar do Goberno Central e da Xunta de Galiza colaboración económica para a financiación destas actuacións".**

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao goberno da Deputación de Ourense a elaboración dun plan integral de actuación e renovación total do trazado e do firme das estradas OU-0701 e OU-908 e que este arranxo contemple as zonas de ampliación da estrada e redución de curvas.

Este "plan integral" pode ter un horizonte temporal máximo de 3 anos para o seu remate.

2. Reclamar do Goberno Central e da Xunta de Galiza colaboración económica para a financiación destas actuacións".

**11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A MELLORA DA ATENCIÓN SANITARIA DAS PERSOAS AFECTADAS POLA SILICOSE NA COMARCA DE VALDEORRAS (EXP. Nº 2026/6527P).-**

O Grupo Socialista cédelle a súa primeira intervención a **D. José Rodríguez Pérez, presidente da Asociación de Afectados de Silicosis de Valdeorras (ASILIVAL)**, que expón o contido da seguinte moción:

*“Hai un ano, o Grupo Provincial Socialista presentou diante deste pleno unha Moción para a Adopción dun plan integral contra a silicose na provincia de Ourense. A iniciativa partía da constatación dun grave problema de saúde pública: a reemerxencia da silicose no Estado, con Galicia como a comunidade máis afectada, e con Ourense e Valdeorras no epicentro. No período 2020-2023, Galicia concentrou o 28,1% dos partes de declaración de enfermidades profesionais por silicose en toda España, con 447 casos notificados. En 2023, o sector da lousa foi responsable de 56 novos casos, o 25% do total estatal, afectando de cheo á comarca de Valdeorras, onde se extrae arredor do 70% da produción española. En 2024, a provincia de Ourense rexistrou 61 novos casos, confirmando o incremento do andazo. A moción formulaba un plan de actuación que abranguía desde a prevención laboral até a atención sanitaria especializada, pasando polo apoio xurídico e a investigación científica.*

*A iniciativa foi debatida e votada no pleno de abril de 2025 e reflectiu un amplo consenso sobre varios dos seus puntos de acordo, aprobados co voto favorable da maioría de grupos. Con todo, o punto máis concreto e de maior relevancia directa para os centos de afectados na comarca de Valdeorras foi rexeitado. Aquela proposta instaba á Consellería de Sanidade á creación dunha unidade especializada de enfermidades pulmonares ocupacionais no Hospital Comarcal de Valdeorras, coa correspondente dotación de especialistas e a garantía de tratamentos gratuítos, incluída a rehabilitación respiratoria e a asistencia psicolóxica. O Grupo Popular votou en contra deste punto e o presidente da Deputación resolveu co seu voto de calidade*

*o empate producido, frustrando a vontade expresada polo Grupo Socialista, BNG e Democracia Ourenzana. Ese voto de calidade supuxo deixar sen resposta institucional a demanda máis urxente dos enfermos de silicose en Valdeorras.*

*Desde entón, a situación non fixo máis que evidenciar a urxencia da demanda que este pleno deixou sen atender. A Asociación de Afectados pola Silicose de Valdeorras (Asilival), que actualmente reúne 227 persoas asociadas, leva máis dun ano realizando concentracións semanais diante do hospital comarcal reclamando a presenza permanente dun especialista en pneumoloxía no centro. En marzo de 2026, preto de 200 persoas percorreron as rúas de O Barco nunha manifestación que mostrou o respaldo social amplo á reivindicación. As mobilizacións continúan todos os xoves, ás 11.00 horas, diante do hospital*

comarcal. O presidente de Asilival, José Rodríguez, denunciou publicamente que o Servizo Galego de Saúde negouse a manter encontros coa asociación, chegando a condicionar calquera reunión á súa exclusión persoal do encontro, o que a directiva do colectivo rexeitou. Ante esta situación, Asilival resolveu trasladar a súa reivindicación ao ámbito institucional.

O Sergas defende o modelo actual de pneumoloxía desprazada desde Ourense, argumentando que no primeiro trimestre de 2026 foron atendidos no hospital comarcal 197 pacientes. Asilival e as organizacións sindicais de saúde cuestionan tanto as cifras como o modelo. A CIG-Saúde Valdeorras solicitou en 2025 á Xerencia e á Dirección Asistencial da Área Sanitaria un estudo observacional de corte transversal sobre a prevalenza da silicose no Distrito Sanitario de Valdeorras, priorizando Carballeda, O Barco, Rubiá e Vilamartín. Esa solicitude, con máis dun ano de antigüidade, non recibiu resposta. Un estudo de 2022 en Rubiá e Vilamartín, situados fóra do epicentro comarcal, Carballeda, xa rexistrara unha prevalenza poboacional do 1,91% nas tarxetas sanitarias, cifra case equivalente á media galega entre traballadores directamente expostos á sílice. Que a poboación xeral deses concellos alcance a taxa de morbilidade dos traballadores de risco noutros territorios revela a magnitude do problema en Valdeorras.

A silicose é unha enfermidade crónica e progresiva, sen cura, cunha latencia media de 12 a 15 anos entre a exposición e o diagnóstico e cunha idade media dos pacientes en Ourense de 74,8 anos. Un modelo de especialista desprazado con carácter periódico non garante o seguimento continuo que esta doenza require. A CIG-Saúde Valdeorras identificou xa en 2025 a posibilidade de reconverter algunha das prazas orzamentadas de especialista en medicina interna non cubertas no hospital comarcal nunha praza de pneumoloxía, sen incremento de dotación de persoal nin de gasto. Esta solución foi trasladada á Xerencia e á Dirección Asistencial sen que, até hoxe, obtivese resposta. A sílice cristalina está clasificada pola Axencia Internacional para a Investigación do Cancro como substancia canceríxena. Valdeorras é a comarca coa maior concentración de casos de silicose do Estado español e paga desde hai décadas un custo sanitario e humano desproporcionado. A Deputación non pode seguir sendo allea a esa realidade.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

**PRIMEIRA.-** Recoñecer a silicose como un grave problema de saúde pública na provincia de Ourense e, de xeito particular, no Distrito Sanitario de Valdeorras, dado o peso histórico e

*actual da industria extractiva da lousa na comarca e a desproporcionada incidencia da enfermidade entre a súa poboación traballadora e xeral.*

**SEGUNDA.-** *Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a dotar o Hospital Público de Valdeorras dunha praza presupostada de especialista en pneumoloxía con presenza estable e continuada no centro, avaliando como vía prioritaria a reconversión dalgunha das prazas de especialista non cubertas actualmente no hospital comarcal, e a prover o servizo da dotación tecnolóxica diagnóstica necesaria para a atención cotiá das persoas afectadas por silicose e outras enfermidades respiratorias de orixe ocupacional no Distrito Sanitario de Valdeorras.*

**TERCEIRA.-** *Instar á Área Sanitaria de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras a realizar con urxencia o estudo observacional descritivo de corte transversal sobre a prevalenza da silicose en todos os cupos médicos do Distrito Sanitario de Valdeorras que leva máis dun ano pendente trala solicitude formulada pola CIG-Saúde Valdeorras, e a abrir un proceso formal de diálogo coa Asociación de Afectados pola Silicose de Valdeorras (Asilival) sobre a mellora da atención sanitaria ás persoas afectadas na comarca, sen condicionar ese diálogo á exclusión de ningún representante do colectivo”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións e procédese á votación, acordándose que se vote por puntos:

O primeiro punto queda aprobado co voto favorable dos membros presentes.

O segundo punto é rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do deputado non adscrito (1).

O terceiro punto queda aprobado co voto favorable dos membros presentes.

Polo tanto o Pleno adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer a silicose como un grave problema de saúde pública na provincia de Ourense e, de xeito particular, no Distrito Sanitario de Valdeorras, dado o peso histórico e actual da industria extractiva da lousa na comarca e a desproporcionada incidencia da enfermidade entre a súa poboación traballadora e xeral.

**SEGUNDO.-** Instar á Área Sanitaria de Ourense, Verín e Barco de Valdeorras a realizar con urxencia o estudo observacional descritivo de corte transversal sobre a prevalenza da silicose en todos os cupos médicos do Distrito Sanitario de Valdeorras que leva máis dun ano pendente trala solicitude formulada pola CIG-Saúde Valdeorras, e a abrir un proceso formal

de diálogo coa Asociación de Afectados pola Silicose de Valdeorras (Asilival) sobre a mellora da atención sanitaria ás persoas afectadas na comarca, sen condicionar ese diálogo á exclusión de ningún representante do colectivo.

**12º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A MODIFICACIÓN DA LEI 8/2019, DO 23 DE DECEMBRO, DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA (EXP. Nº 2026/6143S).-**

A esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular que é aceptada polo grupo propoñente da moción.

**D. Rafael Martínez Cachafeiro, de Democracia Ourenseana,** expón o contido da seguinte moción:

*“É un feito indiscutible que a **Lei 8/2019, do 23 de decembro**, lonxe de promocionar a nosa riqueza natural termal, actuou como un freo burocrático e unha ferramenta de asfixia para o termalismo de Ourense. A actual normativa impón unhas esixencias técnicas e sanitarias desproporcionadas, deseñadas baixo unha óptica administrativa que ignora a realidade física e social das nosas pozas e espazos tradicionais.*

*Non podemos permitir que unha lei redactada de costas a Ourense siga obrigando ao peche de instalacións ou a investimentos inasumibles para os concellos. A provincia non pide permiso para usar a súa auga; **esixe unha regulación que respecte a súa identidade**. É imperativo que a Xunta de Galicia deixe de tratar os espazos de ocio como hospitais e permita que o termalismo volva a ser un motor vivo e non un sector paralizado pola hiperregulación.*

**Por todo o exposto solicitamos:**

**1º. ESIXIR** á Xunta de Galicia a modificación inmediata da Lei 8/2019 para suprimir todos aqueles requisitos técnicos que asimilan inxustamente o aproveitamento lúdico co balneario terapéutico, eliminando as trabas que hoxe impiden a apertura e xestión áxil dos nosos espazos.

**2º. ESTABLECER** entre todos os grupos políticos da Deputación os cambios necesarios na Lei para que as normas de uso sexan fáciles de cumprir, manteñan a salubridade e hixiene e non xeren un gasto excesivo ás administracións.

**3º. ESIXIR** que calquera cambio normativo sexa consensuado de forma vinculante con esta Deputación e os concellos ourensáns, garantindo que non se aprobe nin un só artigo máis que prexudique os intereses da “Capital Termal”.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións e sométese a votación a emenda de substitución do Grupo Popular que é aprobada co voto a favor dos membros presentes, polo que o Pleno adopta o seguinte acordo.

1. Instar a xunta de Galicia a que, á vista da experiencia acumulada tras seis anos de aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, proceda á revisión daqueles aspectos da norma que están a xerar dificultades de interpretación ou de aplicación por parte dos concellos, especialmente no relativo aos requisitos técnicos esixidos para o aproveitamento lúdico das augas termais, garantindo en todo caso o mantemento das condicións de salubridade e hixiene destas.

2. Instar a Xunta de Galicia a que, no proceso de revisión da citada norma, teña en consideración as achegas e a experiencia dos concellos e deputacións que dispoñen de recursos termais susceptibles de seren destinados ao aproveitamento lúdico, co obxectivo de acadar unha regulación máis axustada á realidade do territorio e as necesidades das administracións locais.

**13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**14º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-**

1.- Dáselle conta ao Pleno do informe do resultado do control interno do exercicio 2025.

2.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de marzo de 2026.

Os membros da Corporación quedan informados.

**15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15](#)

E, ás 15.37 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

### **DILIXENCIA:**

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

```
<iframe width="560" height="315"
src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2026/04/30/Sesion_Plenaria_30-04-
2026/video_202604300957000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer;
autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>
```